

O Sanatorio Marítimo Nacional de Oza foi creado por unha Real orde do 14 de maio de 1910 como centro hospitalario cunha dobre finalidade, ser centro especializado no tratamento da tuberculose ósea e tamén preventorio infantil dependente do Ministerio de Gobernación. Os primeiros estudos para a súa construción foron realizados en 1906, en que se cederon as instalacións do vello lazareto para ser acondicionadas como pavillóns. Naquelas datas, comezou tamén o proceso de anexión do Concello de Oza ao de Coruña, que se viu favorecido en parte pola creación do Sanatorio. Deste xeito, A Coruña tiña o privilexio de contar cun dos poucos sanatorios marítimos existentes en España. A base científica aplicada nel era simple: cura mariña e solar, vida ao aire libre, sobrealimentación e réxime de repouso ou exercicio dosificado, todo iso compaxinado cos aspectos educativos dos rapaces internos.

O proxecto de obras do Sanatorio foi redactado polo arquitecto provincial Julio Galán Carbajal, incluíndose neste a reforma da casa de empregados e hotel de pasaxeiros do lazareto, pavillón número 1, e a conversión da fonda do lazareto no pavillón para rapaces ingresados, número 2, que foi dividido en dormitorios, enfermaría, escola, sala de recreo e comedor, este último trasladado en 1911 ao pecharse o patio do antigo fortín, que foi tamén reformado para albergar a sala de hidroterapia, a despensa, o almacén e a estufa de desinfección. Co aproveitamento destes primeiros pavillóns, similares aos do lazareto e a posterior construción doutros, establecíase unha distribución en módulos independentes, modelo que no século XIX se xeneralizara en Europa, sobre todo nos sanatorios de montaña (tipo *cottage sanatorium*), garantíndose así o illamento en función do tipo de enfermos. A isto contribuíu ademais o afastamento dos núcleos de poboación e das edificacións exteriores.

A acollida do Sanatorio foi extraordinaria, sendo tantas as solicitudes para as “colonias de verán” que, para evitar que as prazas foran ocupadas por nenos sans ou con outras enfermidades, a partir de 1912 para ingresar era necesario facer a proba da tuberculina. Neste sentido, e dada a necesidade de ampliar as instalacións do Sanatorio, inaugurouse en 1914 o Pavillón Cirúrxico ou “Fernández Latorre”, primeira unidade cirúrxica coñecida en sanatorios marítimos. Máis tarde, en 1920, afrontouse a execución dun novo pavillón deseñado por Pedro Mariño: O Pavillón de Colonias ou Pavillón número 4 (actual Edificio Universitario), rematado en 1926 e inaugurado un ano máis tarde polos Reis Afonso XIII e Victoria Eugenia, e que centralizaba o labor das colonias escolares. Por outra banda, en 1922 o director do Sanatorio, Julio Casares Bescansa, encargou a Mariño a reforma do pavillón 1, incorporando novos espazos para baños, terrazas e *solariums*, mais este proxecto foi finalmente abandonado. As continuas ampliacións das instalacións do Sanatorio continuaron nos anos vinte, trinta e principalmente corenta, pese a cesar nesta década a modalidade de colonias, motivo polo cal os pavillóns tiveron que ser adaptados ao tratamento das tuberculosas cirúrxicas. Hai que sinalar que en 1950 Oza chegou a converterse no maior sanatorio deste tipo en España cun total de máis de 300 camas.

Nos anos sesenta, ao diminuír a virulencia da tuberculose, adquiriron máis importancia a rehabilitación e a loita contra enfermidades osteoarticulares invalidantes, pasando o Sanatorio de Oza a converterse nun hospital de crónicos. En 1967 clausurouse o Preventorio Infantil e en 1974 o Sanatorio integrouse na rede de sanatorios da Administración Institucional da Sanidade Nacional (AISNA), foi incorporado ao INSALUD en 1987 e transferido polo Real decreto 1679/1990 á Xunta de Galicia como unha dependencia máis anexa ao Complexo Hospitalario Juan Canalejo. Nos anos noventa acometeuse unha remodelación do Sanatorio para derivar a este distintas especialidades e destinar o Pavillón de Colonias á docencia universitaria. No ano 1992 o lugar de Oza foi declarado como conxunto histórico artístico, e no 1993 iniciáronse as obras para a construción do novo Hospital Marítimo de Oza deseñado por Manuel Andrés Reboredo e Albert de Pineda. Derribáronse os antigos pavillóns 1 e 2, e mais outros dous feitos nos anos corenta; reformáronse a Capela de Santa María de Oza, os pavillóns de Colonias, do Fortín e o Cirúrxico, e mesmo o contorno destes, e así ata o día de hoxe...